

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 01 DE DECEMBRO DE 2015.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ**. Asiste igualmente a concelleira **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **ADXUDICACION DO CONTRATO PARA A ELABORACION DO PROXECTO DE "RESIDENCIA 3ª IDADE- CENTRO DE DIA".**
- 3.- **EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 1. ORZAMENTOS DO 2015.**
- 4º.- **PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPREENDEDORES.**
- 5º.- **URBANISMO. LICENZAS.**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do 17 de Novembro de 2015.

2º.- **ADXUDICACION DO CONTRATO PARA A ELABORACION DO PROXECTO DE "RESIDENCIA 3ª IDADE- CENTRO DE DIA".**

Na XGL de 3 de Novembro se preseleccionaron tres propostas entre as 7 participantes na convocatoria de concurso de ideas para a selección do Proxecto de **"RESIDENCIA 3ª IDADE - CENTRO DE DIA"**, segundo segue:

" O Concello convocou no seu día aos profesionais do municipio para que formularan as súas ideas cara a redacción do Proxecto de "RESIDENCIA 3ª IDADE - CENTRO DE DIA". A relación de Arquitectos que presentaron propostas para realizar o proxecto de construción aludido é a seguinte:

1. *Abraham Castro Neira*
2. *Natalia Campos Ferro*
3. *Martín e David Pereiras Corzón*
4. *Alfonso Pájaro Sanmartín*
5. *María José García Fidalgo*
6. *Taller Arquitectos Asociados (Carlos López Taboada, Luis Llorente Taboada, Rafael Otero Novio e*

Javier Fernández Fuertes)

7. José Luis Sanmiguel Guerreiro

A Xunta de Goberno Local, actuando coma Xurado, logo de necesitar varias reunións para deliberar, pola dificultade intrínseca da selección, faise constar, remata coas consideracións que seguen:

1. Valorar que o conxunto das ideas presentadas son moi positivas, con distinto grao de estética -incluso de beleza arquitectónica-, e analizan a solución a tódalas cuestións que suscita a obra - unhas con moitísima amplitude e outras cun carácter básico e sinxelo-, deixando o Xurado na complicada situación de decidir (case un dilema neste caso), en tanto se conclúe que todas elas merecerían que se executara a súa proposta.

2. Seguindo un proceso obrigatoriamente eliminativo, sobre a base do conxunto de elementos polos cales se aprecia un maior nivel de satisfacción partindo dos distintos parámetros utilizados: idea arquitectónica, estilo, solucións dos espazos, distribución interior, deseño, aproveitamento da parcela, plans cara a súa ampliación, enfoque dos distintos usos polos usuarios, terapéuticos e sociais, calidade construtiva, instalacións e equipamentos, aproximación a valoración económica, etc., se considera que a mellor oferta é a de Martín e David Pereiras Corzón e que as tres propostas mais vantaxosas /satisfactorias, por orden de maior a menor, son:

1ª.- Martín e David Pereiras Corzón

2ª.- Alfonso Pájaro Sanmartín

3ª.- Abraham Castro Neira

Polo que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

- Convocar aos Arquitectos autores das tres propostas preseleccionadas no concurso (arts. 184/188 do TRLCSP), e cualificados neste orde de maior a menor: **1ª.- Martín e David Pereiras Corzón, 2ª.- Alfonso Pájaro Sanmartín e 3ª.- Abraham Castro Neira** para que presenten a súa oferta económica detallada e concreta do custe de redacción do proxecto para adxudicar a contratación do servizo no prazo de 8 días naturais, seguindo os trámites do contrato negociado sen publicidade -arts. 177 e 178 da Lei Contratos Sector Público-, tendo en conta, como referencia orientativa, que a estimación económica da obra se sitúa entre un mínimo de 600.000 € e 1.000.000 €, límite máximo que non poderá superarse, contando co IVE, incluíndo nesa cifra o custe do Proxecto que se seleccione."

TENDO EN CONTA que procedeuse a invitar aos Arquitectos autores das tres propostas preseleccionadas a que presentaran as súas ofertas, co resultado seguinte:

1ª.- Martín Pereiras Corzón, honorarios redacción proxecto 38.849,20 €.

2ª.- Alfonso Pájaro Sanmartín, honorarios redacción proxecto 40.775,00 €.

3ª.- Abraham Castro Neira, honorarios redacción proxecto 40.341,00 €

Se considera que a mais vantaxosa é a formulada por **Martín e David Pereiras Corzón**, por importe de **38.849,20 €**, IVE aparte, excluíndose esta adxudicación os honorarios de dirección de obra que serán repercutidos no contratista no Prego de Condicións, na cuantía sinalada polo Arquitecto.

Por elo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,



RESOLVE

- **ADXUDICAR** o contrato para a confección do proxecto da obra "**RESIDENCIA 3ª IDADE - CENTRO DE DÍA**" ao Arquitecto **Martín e David Pereiras Corzón**, DNI nº 53.305.011-G, por importe de **38.849,20 €**, IVE aparte, con cargo a partida 231.622 "Edificio 3ª Idade-Centro de Día" dos Orzamentos do 2015, excluíndose desta adxudicación os honorarios de dirección de obra.
- Requirir o adxudicatario para que presente no prazo de 10 días a documentación esixida no TRLCSP e concedéndolle un prazo de 1 mes para presentar o Proxecto definitivo.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 1. ORZAMENTOS DO 2015.

VISTO o Informe de Intervención que se transcribe:

"ASUNTO: Primeira modificación do orzamento do ano 2015.

A. Transferencias de crédito.

B. Xeración de Crédito.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- " Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo polo que se aproba o Texto
- " Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LFL) (arts. 179 e 180)
- " Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril (arts. 40, 41 e 42).
- " Bases de execución dos orzamentos (13ª).

ANTECEDENTES:

Proponse á Xunta de Goberno Local a modificación dos Orzamentos vixentes mediante a aprobación das seguintes transferencias / xeración de crédito, polas razóns que se expoñen:

1. Subvención Deputación 2015 con cargo o PUSIM 2014 por importe de 137.291,62 € para financiar totalmente as obras de SENDA PEONIL CORTEGADA e SENDA PEONIL VILANOVA.
2. Achega municipal para financiar un investimento. Faise constar que, logo da concesión dunha subvención pola Consellería de Economía de 29.605 € (70 % da inversión), dentro do Programa "FONDOS FEDER", notificada o 23 de Xullo, para a actuación que se cita de seguido, queda comprometida por parte municipal unha achega do 30 % do investimento, por importe de 12.687,86 € - 42.292,86 € menos a subvención de 29.605- con cargo a partida 161.619.00 dos Orzamentos do 2015, sen prexuízo de que será necesario proceder a un expediente de xeración de crédito para regularizar a modificación orzamentaria antes do remate do exercicio de 2015.

Denominación : "Mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira".

Importe 42.292,86 €.

- 3.- Unha subvención da Deputación de 31.182,80 € para Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en A Bandeira.

Partida	Denominación	Importe
161.619.00	<p>Investimentos infraestructuras uso xeral.</p> <p>Programa : "Mellora de mercados municipais e prazas de abastos", cofinanciadas polo FEDER, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013".</p> <p>Obras: "Mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira".</p>	42.292,86 €

B.1 .- XERACION DE CREDITO

APLICACIÓN INGRESOS			DISTRIBUCION EN GASTOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
461.00	Subvención Deputación 2015 con cargo o PUSIM 2014	137.291,62 €		SENDA PEONIL CORTEGADA	26.565,86 €
				SENDA PEONIL VILANOVA	110.499,64 €
TOTAL		137.291,62 €			137.065,50 €

B.2 .- XERACION DE CREDITO, que incrementa unha partida xa existente.

APLICACIÓN INGRESOS			DISTRIBUCION EN GASTOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
461.00	<p>Programa : "Mellora de mercados municipais e prazas de abastos", cofinanciadas polo FEDER, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013".</p> <p>Obras: "Mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira"</p>	29.605 €		"Mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira".	42.292,86 €



TOTAL		29.605 €			42.292,86 €
-------	--	----------	--	--	-------------

B.3 .- XERACION DE CREDITO

APLICACIÓN INGRESOS			DISTRIBUCION EN GASTOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	Subvención Deputación	31.182,80 €		Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en A Bandeira	31.182,80 €
TOTAL		31.182,80 €			31.182,80 €

A.- TRANSFERENCIAS DE CREDITO. Maiores ingresos.

A .- INCREMENTOS

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE INCREMENTO	NOVO SALDO PARTIDA
161.619.00 Dotada con 70.000,00 €	Investimentos Infraestructuras uso xeral. Consignación actual: 70.000 € Para financiar varias obras (3-4 previstas), as que se engade a Mellora do Mercado Bandeira, cunha subvención de 29.605,00 €, que incrementa a súa dotación	29.605,00	99.605,00
TOTAL			99.605,00

Para maior ilustración, a partida 161.619.00, logo desta modificación, quedaría así:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE INCREMENTO	NOVO SALDO PARTIDA	OBRIGA RECOÑECIDA (ADO)	SALDO PENDENTE OUTRAS OBRAS
161.619.00	Investimentos Infraestructuras uso xeral.	29.605,00	99.605,00	42.292,86	57.312,14

Visto o anterior, esta Intervención INFORMA:

A. Transferencias de crédito.

Primeiro. - O Concello ten aprobado o orzamento definitivo para o ano 2015. O orzamento poderá ser obxecto de calquera das modificacións orzamentarias previstas no R.D. Lexislativo 2/2004, de acordo co disposto no

artigo 21.5 do Real Decreto 500/1990.

Segundo.- O artigo 40.1 do RD 500/1990 define transferencia de crédito como aquela modificación do Orzamento de gastos mediante a cal, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe global ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica. A competencia corresponderá á Xunta de Goberno Local, tal como se indica nas Bases de Execución do Orzamento vixente.

Terceiro.- As transferencias de crédito de calquera clase están suxeitas ás seguintes limitacións:

- a) Non afectarán ós créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b) Non poderán minorar os créditos que fosen incrementados con suplementos de crédito ou transferencias, salvo os de persoal, nin por incorporación de remanentes non comprometidos de exercicios pechados.
- c) Non incrementarán os créditos que fosen minorados como consecuencia doutras transferencias, salvo os de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran aos programas imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

ANTECEDENTES:

Os maiores ingresos corresponden a :

1.- Subvención Deputación 2015 con cargo o PUSIM 2014 por importe de 137.291,62 € para financiar totalmente as obras de SENDA PEONIL CORTEGADA e SENDA PEONIL VILANOVA.

2.- Unha subvención pola Consellería de Economía de 29.605 € (70 % da inversión), dentro do Programa "FONDOS FEDER" para a obra "Mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira" cun gasto previsto de 42.292,86 €.

3.- Unha subvención da Deputación de 31.182,80 € para Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en A Bandeira.

Visto o anterior, esta Intervención **INFORMA:**

B.Xeración de Crédito.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LFL) (arts. 179 e 180)
- Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril (arts. 40, 41 e 42).
- " Bases de execución dos orzamentos (13ª).

PRIMEIRO: Na data que se emite este informe se atopa aprobado definitivamente o orzamento para o ano 2015.

SEGUNDO: Os art. 181.a) do RD Lex. 2/2004 e 43.a) do RD 500/1990 establecen que poderán xerar crédito nos estados de Gastos do Orzamento Xeral os ingresos de natureza non tributaria derivados de achegas e compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, conxuntamente coa Entidade Local, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxectivos do Concello de Silleda.



TERCEIRO: Segundo o artigo 44.a) do RD 500/1990 para proceder a xeración de crédito é requisito indispensable o recoñecemento do dereito ou a existencia do compromiso firme de achega. O compromiso firme é o acto polo que calquera Entes ou persoa pública ou privada, se obriga, mediante un acordo ou concerto coa Entidade Local, a financiar un gasto determinado (sinatura dun convenio, resolución de outorgamento dunha subvención,...).

CUARTO: Os expedientes de xeración de crédito aprobaranse pola Xunta Goberno Local, previo informe de Intervención no que se deixe constancia de:

- A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
- Os conceptos de ingreso onde se produce o ingreso ou compromiso non previsto no orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a súa contía.
- As aplicacións orzamentarias do Estado de Gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

Por todo o anteriormente exposto, esta Intervención informa favorablemente a tramitación do expediente.

Silleda, 10 de Outubro de 2015. O INTERVENTOR Asdo. - Manuel Quintans Queiruga."

Por unanimidade, **SE ACORDA** :

- **APROBAR O EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 1 DOS ORZAMENTOS DO 2015**, mediante xeracións de crédito, creando dúas novas partidas e ampliando outra existente.

B.1 .- XERACION DE CREDITO

APLICACIÓN INGRESOS			DISTRIBUCION EN GASTOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
461.00	Subvención Deputación 2015 con cargo o PUSIM 2014	137.291,62 €		SENDA PEONIL CORTEGADA	26.565,86 €
				SENDA PEONIL VILANOVA	110.499,64 €
TOTAL		137.291,62 €			137.065,50 €

B.2 .- XERACION DE CREDITO, que incrementa unha partida xa existente.

APLICACIÓN INGRESOS			DISTRIBUCION EN GASTOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE

461.00	Programa : "Mellora de mercados municipais e prazas de abastos", cofinanciadas polo FEDER, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013". Obras: "Mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira"	29.605 €	161.619	"Mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira".	42.292,86 €
TOTAL		29.605 €			42.292,86 €

B.3 .- XERACION DE CREDITO

APLICACIÓN INGRESOS			DISTRIBUCION EN GASTOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
461.00	Subvención Deputación Remanente da obra que quedou sen adxudicar ao abeiro do plan de investimentos da Deputación de Pontevedra no ano 2012,(PID/2012)	31.182,80€	342.632.02	Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en A Bandeira	31.182,80 €
TOTAL		31.182,80€			31.182,80 €

4º.- PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.

4.1. **FELIX CALVIÑO IGLESIAS**, DNI 52483370-S, para a apertura dun Café-Bar no local da estación de Renfe de Ponte Taboada. PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, aprobado no Pleno de 24 de Setembro, e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda consistente no 50 % dos gastos de instalación, unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de **FELIX CALVIÑO IGLESIAS**, DNI 52483370-S, para a apertura dun Café-Bar no local da estación de Renfe de Ponte Taboada.

VISTO que o gasto xustificado documentalmente supera os 90.000,00 €, e tendo en



conta o disposto nas Bases Reguladoras, que dispoñen un límite máximo de 2.000 €,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **RESOLVE**

1. **CONCEDER** a FELIX CALVIÑO IGLESIAS, DNI 52483370-S, unha axuda de 2.000,00 € para a apertura dun Café-Bar no local da estación de Renfe de Ponte Taboada, coa abriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

5º.- URBANISMO. LICENZAS

5.1.- Actividade de café- bar na rúa Progreso, nº 32, de Silleda. Nuria Iglesias Montoto.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Nuria Iglesias Montoto, en representación de NUSAMA DEL NORTE, S.L., Rexistro de Entrada nº 749 de data 19 de febreiro de 2015, para Actividade de café- bar na rúa Progreso, nº 32, de Silleda.

Visto o informe emitido o 24 de novembro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: **Nuria Iglesias Montoto, en representación de NUSAMA DEL NORTE, S.L.**
Data de rexistro: **19.FEB.2015** N°: **749** Data escrito: **19.FEB.2015**
Solicitude: **Actividade de café- bar**
Tipo de Solicitude: **Actividade** Superficie construída: 55,30 m2
Emprazamento: **Rúa Progreso, nº 32, Silleda**
Referencia catastral: 1978043NH6217N0001MD Superficie Catastro: 295 m2
Autor do Proxecto: **Pablo Dafonte Vázquez, arquitecto técnico Colexiado PR898**
Proxecto: **De Actividade Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)**
Dirección de Obra: **Non procede**
Exposición pública: **BOP DOGA Prensa**
Orzamento (P.E.M.): **16.690,95 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €**

NORMATIVA DE APLICACIÓN:...

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Nuria Iglesias Montoto, en representación de NUSAMA DEL NORTE, S.L., presentada con R.E. 749 de 19.FEB.2015. Aporta de memoria de actividade asinado por Pablo Dafonte Vázquez, arquitecto técnico Colexiado PR898 e xustificante de pago de taxas municipais. O expediente foi enviado á Consellería de Cultura (r.s. 1264 de 27.XUL.2015), que remite autorización asinada o 24 de setembro de 2015 (r.s. 108185/RX 1277924 e R.E. 5436 de 30.SET.2015). A edificación atópase nas inmediacións da Casa da Cultura de Silleda, elemento catalogado no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012, recollido na ficha 30.02.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de

suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo urbano, Ordenanza 2.

5. O uso que se pretende é o de café- bar.

6. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como recreativo de relación: "ART. 139.- DEFINICION: Comprende los lugares cerrados o abiertos, cuya finalidad principal es la de cobijar actividades de vida social o de relación entre los individuos, comprendidos por tanto, cafés, restaurantes, salones de baile y similares. (...). Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o art. 18.1 do nomeado PXOM (- Recreativo de Relación.- Todos los grados).

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. Non consta na documentación a certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, previa concesión de licenza municipal, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

12.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades dunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012. O expediente foi enviado á Consellería de Cultura (r.s. 1264 de 27.XUL.2015), que remite autorización asinada o 24 de setembro de 2015 (r.s. 108185/ RX 1277924 e R.E. 5436 de 30.SET.2015).

Por todo o expresado, infórmase favorablemente a solicitude de concesión da licenza de obra solicitada, con subxección ás anteriores determinacións.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 24 de novembro de 2015."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**



- **Conceder** a licenza de actividade de café- bar na rúa Progreso, nº 32, de Silleda. a Nuria Iglesias Montoto.

5.2 .- Demolição de vivenda unifamiliar na rúa Progreso, nº 8, Silleda presentada por Delfin Bouzada Rodríguez.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Delfin Bouzada Rodríguez, Rexistro de Entrada nº 5961 de data 29 de outubro de 2015, para demolição de vivenda unifamiliar na rúa Progreso, nº 8, Silleda.

Visto o informe emitido o 25 de novembro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: **Delfin Bouzada Rodríguez**
Data de rexistro: 29.OUT.2015 Nº: 5961 Data escrito: 29.OUT.2015
Solicitude: Demolição de vivenda de planta baixa e demolição de edificación parcialmente construída de plantas baixa e primeira
Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída: 408,88 m2
Emprazamento: Rúa José Antonio, nº 8, Silleda
Referencia catastral: 1978031NH6217N Superficie Catastro: 298 m2
Autor do Proxecto: María Pilar Vence Lodeiro
Proxecto: Execución. Visado polo Colexio Oficial 07/10/2015
Dirección de Obra: María Pilar Vence Lodeiro
Oficio de Dirección: Visado polo Colexio Oficial 07/10/2015 nº 1100528,7
Dirección de Execución: n/d
Oficio Direc. Execución:
Exposición pública: BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 7.000 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Delfin Bouzada Rodríguez, presentada con R.E. 5961 de 29.OUT.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por María Pilar Vence Lodeiro e xustificante de pago de taxas municipais.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona

no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo urbano, Ordenanza 2.

5. A vivenda carece de calquera tipo de catalogación, tanto no plan xeral vixente como no aprobado inicialmente, polo que non se atopa impedimento para a concesión de licenza de demolición.

6. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

7. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

7.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

7.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

7.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

7.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

7.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

7.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

7.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

7.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

8. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

9. No escrito presentado non consta solicitude de permiso para a OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA; no caso de ser necesario deberá solicitarse no Concello de Silleda, antes do comenzo das obras.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e proponse para a concesión de licenza municipal de demolición, con arreglo ás limitacións establecidas neste informe técnico.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 25 de novembro de 2015"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**

- **Conceder** a licenza de obras para a demolición de vivenda unifamiliar na rúa Progreso, nº 8, Silleda interesada por Delfín Bouzada Rodríguez, previo pago do ICIO e taxas.

5.3.- Legalización de explotación de vacún de leite no lugar de Paredes, nº 5, Escuadro, presentada por Concepción Caramés Filloy.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Concepción Caramés Filloy, Rexistro de Entrada nº 5270 de data 18 de setembro de 2015, para Legalización de explotación de vacún de leite no lugar de Paredes, nº 5, Escuadro.

Visto o informe emitido o 25 de novembro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Concepción Caramés Filloy, presentada con R.E. 5270 de 18.SET.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por José Rodríguez Blanco, enxeñeiro técnico agrícola col. 456 COITA Lugo e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.b) da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio dos servizos xurídicos do Concello.

6. Cumprimento dos artigos 42, 44, 104 e 106 da LOLUPMRG:

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico	CUMPRE
1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garanti-lo acceso rodado público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación eo tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.	SI
b) Preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.	SI
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:	

<p>- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do predio. Non entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, cando menos, nun terzo da superficie da parcela</p>	SI
<p>- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberanse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</p>	SI
<p>- As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos, e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.</p>	SI
<p>- Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, a altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia. (Texto engadido pola Lei 2/2010).</p>	SI
<p>- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.</p>	SI
<p>- Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas



Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguila maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.	SI
Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.	SI
As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.	n/d
Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.	SI
e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.	A XUSTIFICAR
f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses contado desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contando desde o outorgamento da licenza.	
g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia do interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 desta lei.	
2. Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles de aplicación o disposto no artigo 26 desta lei.	Non procede
Artigo 44. Condicións adicionais para outras actividades constructivas non-residenciais.	
1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprarán as seguintes:	
a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.	SI
b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).	33.2.b
2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.	Non procede

Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42 e 44 desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.	Non procede
---	-------------

Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.

3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.	Non procede
--	-------------

4. As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 metros dos asentamentos de poboación ea 250 metros da vivenda máis próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.	SI
---	----

O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.

Título III- Normas de aplicación directa

Capítulo I- Disposicións xerais

Artigo 104. Adaptación ó ambiente.

CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.	Non procede
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	Non procede
c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.	SI
d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe	SI



<i>f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.</i>	<i>Non procede</i>
---	--------------------

Artigo 106. Protección das vías de circulación.

<i>1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior.</i>	<i>N/d</i>
--	------------

En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.

<i>2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóviles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.</i>	<i>Non procede</i>
--	--------------------

7. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira "Explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes" da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións:

(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

7.1 Entre a documentación aportada consta certificación municipal de recoñecemento de explotación gandeira á entrada en vigor da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, segundo acordo de Xunta de Goberno Local de 1 de xullo de 2004, na que se recoñece a existencia de:

7.1.1 Edificación destinada a almacén maquinaria, cunha superficie construída total de 182,91 m2 en planta baixa.

7.1.2 Edificación destinada a leitería, cunha superficie construída total de 10,85 m2 en planta baixa.

7.1.3 Edificación destinada a almacén, cunha superficie construída total de 55,30 m2 en planta baixa.

7.1.4 Edificación destinada a establo, cunha superficie construída total de 206,10 m2 en planta baixa.

7.1.5 Edificación destinada a cuadras, cunha superficie construída total de 32,20 m2 en planta baixa.

7.1.6 Edificación destinada a cuberto, cunha superficie construída total de 14,56 m2 en planta baixa.

7.1.7 Edificación destinada a pozo de purín, cunha superficie construída total de 37,51 m2 en planta baixa.

7.1.8 Edificación destinada a palleira, cunha superficie construída total de 45,75 m2 en planta baixa.

7.1.9 Edificación destinada a garaxe, cunha superficie construída total de 92,07 m2 en planta baixa.

7.1.10 Edificación destinada a curro, cunha superficie construída total de 15,66 m2 en planta baixa.

7.2 Polo tanto, segundo a DT 11ª, as novas construcións son susceptibles de seren legalizables.

8. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

9. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	5.920	3000	3000	D.T. 11ª
Altura de cornixa	5,40	7,00 m	7,00	Si
Ocupación máxima	25,25%	20%	20%	S.T. 11ª
Superficie ocupada en planta	1.525,51			Si
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	>7 m	5 m	5 m	D.T. 11ª
Separación a vía pública	> 5 m	4 m	4 m	D.T. 11ª
Acceso rodado	Si	Si	Si	Si

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria (punto 3.2).

12. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	nº	Sup	€/m ²	Tipo de Obra	Ct	Tipo de uso	Cu	Cg
Planta Baixa	1	832,50	520	Edificación illada (4 fachadas)	1,2	Granxas	0,3	0,5
TOTAL		832,50	m ²					PEM:140.259,60 €

13. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 25 de novembro de 2015."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola



unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**

- **Conceder** a licenza de obras para a legalización de explotación de vacún de leite no lugar de Paredes, nº 5, Escuadro, solicitada por Concepción Caramés Filloy, previa liquidación do ICIO e taxas municipais.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as trece horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta, do que dou fe e certifico, na miña condición de fedatario público.

Silleda, a 01 de Decembro de 2015

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga

